

alguén quere que o que fai pareza bo, ten que estar ben feito. Esta regra aplícase por duplicado por riba dun escenario.

CAROLINA A. PIÑEIRO

Non hai recompensa sen esforzo e os grupos participantes nas Xornadas de Folclore sábeno moi ben. Cada mañá, dende primeira hora, un folio agarda a ser cuberto no taboleiro da residencia. Nel, unha táboa dividida en cuadros dunha hora. Ademais diso, dúas columnas: unha para a sala pequena con espellos e outra para a máis grande, situada por riba do comedor. Atención, non se pode ensaiar máis dunha hora seguida en cada espazo.

Os grupos van collendo sitio para, a partir das dez da mañá e ata a hora de saída cara as actuacións, comezar a repasar e perfeccionar as danzas e pasos que ben seguro que teñen feito sudar durante o resto do ano a máis de un e de dous. Aínda que dous locais de ensaio poidan parecer pouco, os grupos participantes saben organizarse entre eles e non adoita haber problemas. Pero por se acaso, a organización nunca pendura ese folio en branco ata a primeira hora da mañá, de xeito que ningún grupo poida reservar sala antes de todos teren a mesma posibilidade.

Despois de almorzar comeza o movemento na residencia. Os grupos que teñen ensaio a primeira hora acoden ás súas habitacións para recoller todo o mate-


rial necesario para practicar a actuación. Os que non comecen a practicar ata máis tarde, aproveitan para descansar ou, máis ben, espabilar.

A disposición dos ensaios é a seguinte: músicos por unha banda e bailaríns por outra ocupando o total do espazo e afacéndose á idea de que o escenario real pode ser tanto ou máis grande que as salas de ensaio. Fronte a eles ou mesmo arredor observando cada detalle, os directores dos colectivos víxían que todo vaia ben. E se non sae, pois a repetir ata que saia.

Tempo de ensaios

Certo é que moitos grupos veñen de moi lonxe e probablemente os seus membros queiran aproveitar para facer turismo ou mesmo ir de compras, pero os directores das compañías xa se encargan de recordarlles o motivo da súa estadia en Ourense. E non poden esquecer que cada tarde terán que enfrontarse ó público ourensán e, aínda que nós non entendamos moito de danzas filipinas ou sudafricanas, ó final terán que lle render contas ós seus xefes de cada paso que dean en escena.

Durante uns dez días do mes de agosto, os espazos do Centro Residencial Docente convértese en verdadeiros escenarios. Deste xeito, os que non podemos asistir a tódalas actuacións, imos tendo un adianto daquilo que mostrarán por toda a provincia.



Exhibición dun dos grupos que participou onte no festival de Ribadavia.

Arxentina, Daguestán e Sudáfrica, sen descanso

Ata Entrimo e Ribadavia desplazáronse onte as "Xornadas de Folclore". Nove grupos subíronse ó autobús para facer de embaixadores da súa cultura enriba dun escenario. Foi na Alameda de Entrimo onde primeron saíron a relucir os bailes, as cantigas e os sons típicos de cada un dos países invitados. A sesión de folclore arrancou as oito e media da tarde con numerosos seguidores no público. Despois chegoulle o turno a Ribadavia,

cun festival nocturno (comezou as once da noite) no auditorio do Castelo que se converteu no primeiro destino, ata o de agora, onde estaban citados cinco agrupacións en vez de catro.

Cas dúas sesións que ofreceron onte as "Xornadas de Folclore" quedou demostrado que hai grupos que non paran. O Gran Ballet de Arxentina, que actuou ante os ribadavienses; o grupo de danza e canto Gergebil da República de Daguestán e o gru-

po de danzas Guateng de Sudáfrica (ámbolos dous participantes no festival de Ribadavia) estiveron presentes nos catro días de actuacións que por agora leva programados as Xornadas.

E seguirán sen descanso, pois as tres agrupacións forman parte do elenco de invitados participantes nos festivais previstos para a noite de hoxe. Armenia, Taiwán, Rumanía, India, Mari El y México completaron as actuacións de onte.